

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 19.11.2020 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de novembro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 2926 (11/POC-000460)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de elaborar un plan específico que permita evitar o risco de exclusión nas familias que teñen baixos ou nulos ingresos, en especial naquelas con menores ao seu cargo, a realización dalgún estudo referido á situación de pobreza no contexto actual e, se é o caso, os seus resultados e a valoración que fai ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31, do 15.10.2020

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 3281 (11/PNC-000370)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020
- 2.2 3942 (11/PNC-000456)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre a creación pola Xunta de Galicia de unidades funcionais multidisciplinares para a prestación de atención especializada aos pacientes con enfermidades raras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.10.2020
- 2.3 4239 (11/PNC-000496)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan de emprego para a mocidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40, do 04.11.2020

2.4 4416 (11/PNC-000519)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun procedemento integral de mellora tecnolóxica dos equipos de diagnóstico e dos bloques cirúrxicos no sistema sanitario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40, do 04.11.2020

2.5 4435 (11/PNC-000523)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as incertezas e a información contraditoria respecto dos protocolos que deben seguir as persoas nos casos de infección por coronavirus (covid-19) ou de contactos con infectados, así como sobre a disparidade de criterios entre as áreas sanitarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40, do 04.11.2020

2.6 4990 (11/PNC-000597)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis
Sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para solucionar as deficiencias existentes en materia laboral e garantir a calidade asistencial no Hospital Povisa, de Vigo.
(Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 44, do 11.11.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2020



María Corina Porro Martínez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Corina Porro Martínez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Marina Ortega Otero	S
José Alberto Pazos Couñago	P
Noelia Pérez López	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
María Elena Suárez Sarmiento	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2926(11/POC-000460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de elaborar un plan específico que permita evitar o risco de exclusión nas familias que teñen baixos ou nulos ingresos, en especial naquelas con menores ao seu cargo, a realización dalgún estudo referido á situación de pobreza no contexto actual e, se é o caso, os seus resultados e a valoración que fai ao respecto

Publicación da iniciativa, 31, 15.10.2020



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os últimos datos en Galicia, respecto ao risco de pobreza son preocupantes. Estamos a falar de datos con anterioridade á pandemia na cal estamos inmersos. En concreto, 2019 pechou o ano cun 20 % da cidadanía galega en risco de pobreza, o que supuxo un incremento de 1,2 puntos respecto ao 2018 e o risco de pobreza e exclusión Social (AROPE) 24,3 %. Máis de medio millón de persoas sufriron risco de pobreza en Galicia.

Este tipo de datos son alarmantes por si mesmos, pero neste momento engádesse un agravante maior, dada a crise sanitaria e económica xerada pola pandemia do coronavirus Covid-19.

Segundo os datos aportados polo Alto Comisionado contra a Pobreza Infantil no noso país, indican un repunte nos fogares sen ingresos con polo menos un neno, nena ou adolescente durante os meses de confinamento.

Tendo en conta a situación e os datos, é vital un plan de acción para combater a pobreza a todos os niveis por parte da Xunta de Galicia e colaboración con outras administracións que teñen un acceso e información directa e máis próxima á cidadanía, coma os concellos. Especialmente naqueles sectores da poboación máis vulnerables coma os casos de familias con menores a cargo.

Hoxe máis ca nunca é fundamental dotar de recursos a una situación excepcional, pola cal se garanta a igualdade de oportunidades, especialmente naqueles fogares con menores que teñen pendente o seu desenvolvemento a todos os niveis.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 10:32:42
Nº Rexistro: 2926
Data envío: 05/10/2020 10:32:42.677

- 1.ª) Considera a Xunta de Galicia necesario elaborar algún plan específico que permita evitar o risco de exclusión nas familias que teñen baixos ou nulos ingresos, especialmente en familias con menores a cargo?
- 2.ª) Ten feito algún estudio sobre a situación de pobreza no contexto actual?
- 3.ª) Se o ten feito, que resultados ten atopado e que valoración fai dos mesmos?
- 4.ª) Se non o ten feito, cal é o motivo?

Pazo do Parlamento, 02 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 05/10/2020 10:29:00

Julio Torrado Quintela na data 05/10/2020 10:29:25



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 3281(11/PNC-000370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario e a prorrogalo ata que a pandemia provocada pola covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020

Publicación da iniciativa, 33, 21.10.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:26:11
Nº Rexistro: 3281
Data envío: 08/10/2020 17:26:11.119

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O 11 de abril a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para responder a situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria causada polo Covid-19.

En concreto a Xunta informaba de que asignarían 500.000 novas horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais. En canto ao copago que habitualmente fan os usuarios de dependencia no SAF ordinario, a Xunta de Galicia comprometeuse a que asumiría o coste dos mesmos.

En concreto, o reparto por provincias foi o seguinte: A Coruña 196.000 horas de servizo, na de Lugo 113.000, en Ourense 69.000 e en Pontevedra 122.000 horas. A implantación deste SAF extraordinario forma parte das medidas do Plan Social de continxencia aprobado polo Consello da Xunta para dar resposta ás consecuencias da emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus nos colectivos de poboación máis vulnerables, como é o caso das persoas dependentes.

Actualmente Galicia atópase inmersa no centro dunha pandemia, onde a situación segue a ser preocupante, máis aínda en provincias coma Ourense que se atopa con limitacións moi estritas debido ao número elevado de contaxios, sobre todo na cidade.

A Xunta de Galicia anuncia que día o 30 de novembro retirará este servizo extraordinario aos usuarios dependentes, que dada a situación epidemiolóxica, estaban percibindo.

Dende o Grupo Socialista consideramos que este servizo naceu cun compromiso que aínda non rematou, xa que Galicia continúa nunha situación alarmante, e máis aínda tendo en conta que estamos a entrar nun período

CSM-REXISTROJUM001010VW4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:26:11
Nº Registro: 3281
Data envío: 08/10/2020 17:26:11.119

estacional que pode complicar aínda máis a pandemia motivada polo coronavirus. Os usuarios do SAF extraordinario son persoas vulnerables que precisan continuar co servizo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia a Xunta de Galicia a que manteña o Servizo de Axuda no Fogar extraordinario e prorrogue o mesmo ata que a pandemia provocada polo coronavirus Covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma.”

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 17:20:10

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 17:20:24

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 17:20:32



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 3942(11/PNC-000456)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia de unidades funcionais multidisciplinares para a prestación de atención especializada aos pacientes con enfermidades raras

Publicación da iniciativa, 36, 28.10.2020

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Elena Suárez Sarmiento, María Corina Porro Martínez e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos:

A atención especializada a pacientes con enfermidades raras ten sido unha prioridade da Xunta de Galicia e do SERGAS, especialmente nos últimos anos.

Na pasada lexislatura viron a luz dous importantes decretos: o Decreto 168/2018, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Pacientes con Enfermidades Raras da Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 150/2019, do 7 de novembro, polo que se crea e se regula a Comisión Galega das Enfermidades Raras.

Ambos decretos estaban aliñados coas prioridades fixadas pola Estratexia SERGAS 2020 e crearon dous instrumentos fundamentais para a mellora da atención especializada a estes doentes. Por unha banda o rexistro coa finalidade de proporcionar información epidemiolóxica sobre a incidencia e prevalencia deste tipo de enfermidades en Galicia e os seus factores determinantes e asociados e por outra a comisión como órgano de asesoramento técnico no ámbito asistencial que consensúa e desenvolve accións específicas no ámbito da prevención, diagnóstico e tratamento.

A combinación de ambos instrumentos xunto co uso de novas técnicas de 'big data' permite ao SERGAS dispoñer de coñecemento sobre a evolución destas doenzas, permitindo orientar a planificación e xestión sanitaria, as actividades preventivas e asistenciais e a investigación das enfermidades raras. Ademais, a investigación galega é punteira no coñecemento sobre estas doenzas a través de centros como a Unidade de Diagnóstico e Tratamento de Enfermidades Metabólicas Conxénitas do CHUS ou a Fundación Galega de Medicina Xenómica.

Con esta materia prima, o Partido Popular considera que é o momento de utilizar este coñecemento para concretar novos modelos de atención a estas doenzas. Nese sentido adquiriu un compromiso no seu programa electoral para as eleccións autonómicas do ano 2020, que foi validado polas urnas e que agora queremos trasladar a este Parlamento para que se transforme nun mandato co máximo consenso posible.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2020 12:31:56
Nº Registro: 3942
Data envío: 21/10/2020 12:31:56.013

Por todo o exposto, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear unidades funcionais multidisciplinares que proporcionen atención especializada aos pacientes con enfermidades raras e garantan uns tempos máximos para as súas consultas e probas”.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2020 12:31:56
Nº Rexistro: 3942
Data envío: 21/10/2020 12:31:56.013

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/10/2020 11:55:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/10/2020 11:56:07

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 21/10/2020 11:56:47

José Alberto Pazos Couñago na data 21/10/2020 11:56:55

Noelia Pérez López na data 21/10/2020 11:57:05

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/10/2020 11:57:21

María Corina Porro Martínez na data 21/10/2020 11:58:12

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 21/10/2020 11:58:23



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 4239(11/PNC-000496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan de
emprego para a mocidade

Publicación da iniciativa, 40, 04.11.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4239
Data envío: 26/10/2020 20:50:41.518

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de adoptar medidas para revertir a situación de precariedade laboral imposta á mocidade galega.

Exposición de motivos

A mocidade galega vive actualmente unha situación de emerxencia en canto ao emprego xuvenil, cunhas taxas de desemprego moi elevadas, grandes dificultades para acceder ao seu primeiro emprego, nomeadamente para mozas e mozos con titulacións en Formación Profesional ou Universitaria e cunhas condicións laborais totalmente precarias para as mozas empregadas.

Este contexto tan desfavorable para o futuro, e presente das mozas galegas tradúcese na imposibilidade de acadar unha independencia económica de facto, coa que ser quen de por en marcha os proxectos vitais das persoas e construír un futuro propio . Tradúcese tamén na quase obriga de escoller o camiño da emigración, na última década emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, das que 79.529 eran mozos e mozas de 16 a 29 anos, por falta de oportunidades laborais no noso país (segundo datos oficiais do INE). Unha emigración forzada para tentar optar a un traballo nunhas condicións menos precarias que nos permitan acadar a emancipación económica.

CSM-REXISTROZKmuxVROl9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/10/2020 09:30:00

Nº Rexistro: 4239

Data envío: 26/10/2020 20:50:41.518

A condición periférica e subordinada da economía galega, a destrución de parte importante da base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e do aumento da emigración.

Os últimos datos da EPA (2º trimestre de 2020) amosan uns datos preocupantes para a nosa mocidade, cunha taxa de desemprego do 26,1% nas mozas entre os 16 a 29 anos, que vai en aumento nos últimos anos e que se acentúa no contexto da crise sanitaria. A EPA recolle tamén o alcance da destrución de emprego xuvenil nos últimos anos, pasando de 371.500 ocupadas e ocupados de entre 16-34 anos a finais de 2009 a apenas 199.800 no II trimestre deste ano. Unha destrución por volta do 46% dos postos de traballo ocupados pola mocidade.

A isto hai que sumarlle a problemática crónica da emigración xuvenil no noso país, que virían a engrosar esa porcentaxe de desemprego até situalo en valores de extrema emerxencia, ademais do aumento dos contratos por horas que deturpan as estatísticas tanto do total dos contratos asinados como as afiliacións á Seguridade Social. A emigración xuvenil, que na práctica é unha expulsión forzosa pola falla de oportunidades laborais na propia terra, é un dos factores que en maior medida explican que no período 2009-2019 a poboación activa de entre 16 e 34 anos retrocedese en Galiza por volta de 191.600 persoas (datos da EPA).

As mozas que si teñen traballo fano, nunha amplísima porcentaxe, con tipoloxías de contratos temporais tanto a xornada completa como en xornada parcial, sendo esta última a que está a medrar dun xeito dramático.

Neste ano 2020 a mocidade galega asinou preto de 118.000 contratos de traballo, dos cales só o 7,2% foron contratos indefinidos totais ou parciais, mentres que

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4239
Data envío: 26/10/2020 20:50:41.518

os contratos de traballo temporal constitúen o 90,6% do total dos contratos asinados, segundo datos extraídos do Instituto Galego de Cualificacións.

A chegada da crise da COVID-19 non fixo máis que agravar o estado no que, a mocidade galega, nos atopábase a nivel laboral. A pandemia viu a precarizar aínda máis os traballos das mozas deste país, afondando na temporalidade e parcialidade dos contratos laborais, a aceleración das novas formas de explotación, como as falsas autónomas ou a normalización do teletraballo, o cal xera aínda máis precariedade nas condicións de traballo da mocidade galega alén de xerar consecuencias nocivas para a saúde mental e física das traballadoras, como empezamos a coñecer.

A destrución de emprego xerada pola pandemia vai ter unha importancia capital para a mocidade galega, xa que son moitas as mozas deste país que traballan de forma temporal e precaria no sector servizos, moitas delas en situación de ERTE na actualidade.

Esta situación de precariedade laboral e temporalidade xeneralizada é totalmente inasumible para un país que pretenda darlle un presente e un futuro digno á súa mocidade, única vía para ter un país próspero e afondar na mellora material da vida do seu pobo.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a elaborar un novo Plan de Emprego para a Mocidade Galega, dotado coas partidas orzamentarias que foren precisas para o desenvolvemento de programas e accións que favorezan a creación de

CSX4 REXISTROZKmxuVRC019
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 4239
Data envío: 26/10/2020 20:50:41.518

emprego xuvenil estábel, en condicións laborais dignas e salarios que permitan a emancipación”

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/10/2020 20:49:43

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2020 20:49:46

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2020 20:49:54

Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2020 20:50:09

CSV REXISTROZ kmuxVRC09
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 4416(11/PNC-000519)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun procedemento integral de mellora tecnolóxica dos equipos de diagnóstico e dos bloques cirúrxicos no sistema sanitario

Publicación da iniciativa, 40, 04.11.2020

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez e Miguel Tellado Filgueira** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos:

A dixitalización foi un dos piares fundamentais da mellora da asistencia sanitaria que ten experimentado Galicia nos últimos anos. A extensión do sistema IANUS de historia clínica electrónica e do sistema de receita electrónica foi un paso de xigante tanto na sistematización da información por parte dos profesionais como na comodidade para o paciente. En 2009, só 3 de cada 1000 receitas se expedían de xeito electrónico. Hoxe practicamente o 100%.

Asemade, impulsouse a e-interconsulta, que permite un diálogo permanente entre a Atención Primaria e Especializada e os distintos servizos hospitalarios, implantáronse no 100% dos centros de saúde solucións de telemedicina e dixitalizouse a imaxe médica xerada no SERGAS, facilitando o acceso de probas como as radiografías desde calquera centro sanitario.

Por outra banda creouse TELEA, unha plataforma de xestión da cronicidade que contribúe a unha atención primaria máis proactiva. En 2019 a porcentaxe de centros que teñen instalado TELEA chegara xa ao 100%, o que sería de vital importancia cando a comezos de 2020 irrompeu a pandemia da covid-19.

Paralelamente, en 2015 púxose en marcha o maior investimento do SERGAS en tecnoloxía: 78,5 M€ a través do Socio Tecnolóxico para a renovación de equipamento. Unha importante aposta técnica ao establecer o maior nivel tecnolóxico posible dentro dos estándares de dotación definidos polo Sergas, mantelo no tempo e adecualo ás necesidades das diferentes tipoloxías de centros sanitarios.

Na anterior lexislatura, os hospitais da Coruña e Vigo estrearon os primeiros quirófanos híbridos. Na actual, os centros hospitalarios precisan de novas melloras para incorporar a tecnoloxía máis punteira e por iso o Partido Popular de Galicia incluíu no seu programa electoral para as eleccións autonómicas de 2020 iniciativas como a incorporación da cirurxía robotizada ou de melloras nas ferramentas de imaxe diagnóstica.



En anteriores ocasións, tanto en debates específicos sobre o tema como nas súas emendas na tramitación das leis de orzamentos, os grupos da oposición sempre expresaron reticencias e desconfianza ao respecto dos fondos que a Xunta e o SERGAS destinaban á modernización tecnolóxica do sistema de saúde galego.

Por iso, e na perspectiva das posibles candidaturas á obtención de fondos estatais e europeos para este punto, o Grupo Parlamentario Popular cre oportuno acadar un acordo parlamentario que dea un mandato á Xunta para priorizar este investimento.

Por todo o exposto, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un procedemento integral de mellora tecnolóxica dos equipos de diagnóstico e dos bloques cirúrxicos destinado á adquisición de tecnoloxía punteira de diagnóstico por imaxe e ecografía así como á instalación de quirófanos intelixentes e robots cirúrxicos que faciliten a realización de técnicas cirúrxicas menos invasivas e de maior precisión”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2020 13:08:03
Nº Rexistro: 4416
Data envío: 29/10/2020 13:08:03.620

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/10/2020 13:03:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/10/2020 13:03:18

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 29/10/2020 13:03:38

José Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2020 13:03:46

Noelia Pérez López na data 29/10/2020 13:03:57

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/10/2020 13:04:12

María Corina Porro Martínez na data 29/10/2020 13:04:29

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/10/2020 13:04:42



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/)



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 4435(11/PNC-000523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as incertezas e a información contraditoria respecto dos protocolos que deben seguir as persoas nos casos de infección por coronavirus (covid-19) ou de contactos con infectados, así como sobre a disparidade de criterios entre as áreas sanitarias

Publicación da iniciativa, 40, 04.11.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2020 16:48:53
Nº Rexistro: 4435
Data envío: 29/10/2020 16:48:53.668

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

As incertezas e o exceso incontrolado de información redundante e contradictoria que moitas veces circula sobre a pandemia, e os protocolos de actuación que deben seguir as persoas en función dos diferentes casos (positivos, contactos con positivos, etc) está contribuíndo pouco a actuar conforme as recomendacións sanitarias estritas.

Existen numerosas informacións confusas por parte da Xunta de Galicia sobre o que se deben facer ante a aparición de contaxiados por covid-19 en diferentes eidos, como as escolas, o traballo, os contactos familiares ou convivintes. A isto súmase que a xestión da realización e notificación de PCR está sendo errática, con casos de notificacións a persoas que non fixeron a proba pero non información a algunhas que si a fixeron.

A esta confusión contribúen notoriamente as decisións distintas en cada área sanitaria sobre a realización de PCR ou non en función de cada escenario, e a tardía notificación das medidas a tomar. Indiscutiblemente, a falta de claridade sobre o número de rastrexadores existentes en Galicia, que necesitou da axuda do exército para realizar esta labor, e a falta de claridade do Goberno galego sobre as decisións en torno a este perfil despois das contradicións entre Presidencia e Consellería de Sanidade, non son aspectos que axuden a determinar o funcionamento óptimo da xestión do sistema.

Un dos problemas ante a variabilidade de medidas que se toman, e a ausencia de información nítida e unificada sobre as decisións a tomar polos positivos e os contactos, está na falta de certezas na poboación. Esta fai que existe unha menor implicación coas medidas, unha falta de cumprimento por non estar clarexadas e incluso a comisión de erros por parte de poboación que quere seguir as recomendacións pero que non atopa no Sergas unha política informativa clara.

CSM-REXISTROXERAL-4435-2020
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2020 16:48:53
Nº Registro: 4435
Data envío: 29/10/2020 16:48:53.668

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a

1. Iniciar unha campaña informativa clara, directa e áxil para permitir clarexar á poboación a información sobre os protocolos a seguir nos casos de positivos e contactos con positivos, para facilitar a comprensión do que se debe facer en cada unha das situacións habituais.
2. Unificar os criterios de acción e decisión das áreas sanitarias, para axudar a difundir as necesidades no comportamento poboacional ante positivos e contactos con positivos, de cara a que a cidadanía teña claridade sobre o que facer en cada situación.

Pazo do Parlamento, 29 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/10/2020 16:38:29

Marina Ortega Otero na data 29/10/2020 16:38:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/10/2020 16:39:36

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REGISTROXPSCpDn6
Validado
<https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 4990(11/PNC-000597)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para solucionar as deficiencias existentes en materia laboral e garantir a calidade asistencial no Hospital Povisa, de Vigo. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 44, 11.11.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 12:17:53
Nº Rexistro: 4990
Data envío: 09/11/2020 12:17:53.695

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para solucionar as deficiencias laborais existentes no Hospital Povisa.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta adopte canto antes medidas para solucionar as deficiencias laborais existentes no Hospital Povisa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case un ano en que POVISA foi vendida ao xigante de seguros de saúde norteamericano, Centene Corporación, que é dono do 90%. Con esta venda unha multinacional con sede en Misuri xestiona a saúde pública de 135.000 galegos e galegas da Área Sanitaria de Vigo.

Como era de agardar dunha multinacional que se adica dende fai anos a comerciar coa saúde da poboación o cambio de titularidade non significou ningún cambio de política asistencial nin de persoal. Moi ao contrario representantes dxs

CSM-REXISTROAGRI-hwmb9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 12:17:53
Nº Rexistro: 4990
Data envío: 09/11/2020 12:17:53.695

traballadorxs volven a denunciar diante da Inspección de Traballo graves deficiencias nas condicións de traballo.

Levan anos soportando os abusos laborais que agora se ven agravados pola pandemia: falta de equipos de protección individual (EPI) axeitados fronte a contaxios por COVID-19, máscaras cirúrxicas para realizar PCR en lugar de FFP2 ou FFP3, saturación dos centros policlínicos dependentes do hospital, en especial o situado na Gran Vía, o que impide manter a distancia de seguridade. Segue producíndose moita rotación entre distintas áreas o que favorece a posibilidade de contaxios por coronavirus. Uns rateos profesionais/doentes moi por enriba do recomendado e da media existente no Sergas, así como un máis que elevado número de contratos con redución de xornada, non por petición dxs traballadorxs. A todo isto hai que engadir a inaceptábel situación de que o cadro de persoal leva 11 anos co convenio colectivo conxelado.

Estamos falando dun centro sanitario que ten unha estreita relación co Sergas. Os recursos deste hospital incorpóranse como elemento fundamental no proceso de planificación e xestión das prestacións transcendendo o ámbito clásico de concertación.

Povisa é un grande receptor de diñeiro público a través do concerto de máis de 80 millóns de euros anuais, supón arredor do 40% da totalidade da actividade sanitaria que o Sergas concerta con entidades privadas.

Polo tanto todo o que acontece neste centro sanitario ten que ser fiscalizado polo Sergas. Situación laboral do seu cadro de persoal, rateos, quendas... calidade da asistencia que se presta.

A Xunta de Galiza que deixar actuar como comercial dos propietarios deste centro sanitario e ten que actuar como garante da calidade da atención sanitaria da

CSV REXISTRO: gzi11wm59
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 12:17:53
Nº Registro: 4990
Data envío: 09/11/2020 12:17:53.695

poboación adscrita a Povisa así como a velar polo mantemento dos postos de traballo, respecto polos dereitos laborais do persoal deste centro hospitalario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Obrigar a POVISA a atender xs doentes que ten asignados con rateos de calidade e de profesionais equiparables como mínimo á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.

2. Cumprir con todos os protocolos establecidos (materiais, número de profesionais, distancias de seguridade...) para a protección dxs traballadorxs e dxs doentes diante da COVID-19.

3. Manter reunión cxs representantes dxs traballadorxs tal como llo teñen demandado dende hai máis dun mes.

4. Esixirlle a Inspección de Traballo que actúe diante das denuncias presentadas polos representantes dxs traballadorxs.

5. Realizar unha auditoría das contas e da xestión de Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas da que se derive un informe detallado no que conste:

a) Rateo profesionais/doentes, profesionais por servizos e planta, permanencia nos mesmos, situación laboral, mobilidade horaria e entre servizos, número de contratos con redución de xordana con detalle por categoría profesional.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 12:17:53
Nº Rexistro: 4990
Data envío: 09/11/2020 12:17:53.695

b) Información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados. O número e distribución de camas do hospital destinadas a atención pública e privadas. Persoal destinado a prestar a asistencia sanitaria pública e privada, horarios e servizos.

6. Esixirlle aos propietarios do hospital Povisa a que de inmediato retome a negociación colectiva coas centrais sindicais representantes dxs traaballadorxs de cara a asinar un novo convenio colectivo.

7. Actuar como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita a Povisa así como dos dereitos laborais do persoal deste centro hospitalario. Para este fin crearase unha comisión de control e seguimento do concerto que conte con presenza dxs representantes dxs traballadorxs.”

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2020

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTROAGZKI1WMT59
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2020 12:17:53
Nº Registro: 4990
Data envío: 09/11/2020 12:17:53.695

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/11/2020 12:16:46

Alexandra Fernández Gómez na data 09/11/2020 12:16:56

María do Carme González Iglesias na data 09/11/2020 12:17:06

Iria Carreira Pazos na data 09/11/2020 12:17:17

Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2020 12:17:26

CSV REGISTRO: gzk1hwm59
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

